

5. MITOGRAFÍA

5.1. A Biblioteca mitolóxica do Pseudo-Apolodoro

O extraordinario desenvolvemento dos relatos que constitúen a mitoloxía grega deu lugar a un gran número de versións dos diversos mitos, e os autores literarios grecorromanos fóronse servindo delas, á súa conveniencia, durante xeracións.

Nalgún momento do s. I ou II d. C., un escritor chamado Apolodoro levou a cabo unha compilación dos principais mitos, que abranguía desde as orixes do Universo ata a guerra de Troia. Tres ou catro séculos antes, o erudito Apolodoro de Atenas compuxera unha crónica mitolóxica en verso, que hoxe non se conserva. A coincidencia no nome fixo que esta *Biblioteca mitolóxica* fose atribuída ao escritor ateniense, erro que se perpetuou no tempo. Así, na actualidade é máis correcto aludir ao autor desta obra como Pseudo-Apolodoro.

A *Biblioteca mitolóxica* foi utilizada durante moitos séculos como referencia básica de consulta para os mitos gregos e, aínda hoxe, é unha fonte importante para o coñecemento dos mesmos, debido á atención que o seu autor prestou aos detalles. Na súa versión completa ocupaba catro volumes de papiro, dos que hoxe nos faltan parte do terceiro e todo o cuarto. Malia todo, parte do que non conservamos podemos coñecelo grazas a sete epítomes (resumos) que se fixeron nalgún momento no que aínda existía a edición completa.